

1.9 Demoras: por demoras nos pagamentos das taxas de renovación e quinquenios sucesivos (réxime transitorio), as recargas serán do 25 por 100, dentro dos tres primeiros meses, e do 50 por 100, dentro dos tres seguintes, ata o máximo de seis meses de demora.

1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 89,01 euros (14.810 pesetas).

1.11 Quinquenios sucesivos (réxime transitorio): 69,54 euros (11.570 pesetas).

TARIFA SEGUNDA

Inscripción de cesión de dereitos e outras modificacións

2.1 Pola inscrición ou cancelación de cambios na titularidade, licencias, dereitos reais, opcións de compra ou outras trabas ou medidas cautelares ou de execución. Por cada rexistro afectado: 28,24 euros (4.698 pesetas) [ata un máximo de 6.010,12 euros (1.000.000 de pesetas)].

2.2 Pola inscrición do cambio do nome do titular ou do nome e/ou do enderezo do representante, e pola inscrición dun novo representante ou dun poder xeral de representación. Por cada rexistro afectado 14,12 euros (2.350 pesetas) [ata un máximo de 2.404,05 euros (400.000 pesetas)].

TARIFA TERCEIRA

Outros servizos

3.1 Certificacións: 14,27 euros (2.375 pesetas).

3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,01 euros (500 pesetas).

3.3 Copia dos documentos que constan no expediente: 9,62 euros (1.600 pesetas) máis un suplemento por cada páxina que exceda de 10 de 0,96 euros (160 pesetas).

TARIFA CUARTA

Publicacións

4.1 Pola publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de signos distintivos: 120,20 euros (20.000 pesetas).

4.2 Pola publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» por instancia de parte, da resolución dun recurso contencioso-administrativo sobre signos distintivos: 120,20 euros (20.000 pesetas).

23523 LEI 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 298, do 13-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de consolidación fiscal foi unha das claves da política económica que fixo posible o acceso de España á Unión Económica e Monetaria en 1999 e que deu

lugar ó importante cambio estrutural no comportamento da nosa economía, onde se está combinando un elevado ritmo de produción e creación de emprego con estabilidade económica. O principal reto da política económica é manter e prolongar este ciclo expansivo de longa duración, aproveitando plenamente as oportunidades derivadas da nosa participación no proceso de construción europea, de forma que sigan aumentando as rendas, o emprego e o benestar dos cidadáns españois.

Neste contexto, a política orzamentaria continuará xogando un papel clave nesta orientación de política económica, para o cal cómpre sentar as bases desta nova etapa na que a estabilidade orzamentaria vai se-lo escenario permanente das finanzas públicas españolas. O rigor no ámbito fiscal permite responder tanto á necesidade de garantir a sostibilidade orzamentaria a medio prazo, especialmente ante as necesidades que vai presentar a evolución demográfica do noso país, como á conveniencia de dispor dunha adecuada marxe de manobra á que recorrer ante as variacións cíclicas que puidesen producirse no medio prazo.

A experiencia observada nos anos oitenta nalgúns países da OCDE, nos que a aplicación de programas estritos de consolidación fiscal tivo efectos expansivos sobre o crecemento económico, pon de manifesto que é posible a coexistencia dun robusto crecemento económico durante períodos de consolidación fiscal. Os mecanismos que permiten explicar este feito son os menores custos do crédito, os efectos riqueza favorables ó consumo e a xeración de expectativas de redución de impostos futuros e dunha maior estabilidade.

En definitiva, o equilibrio orzamentario vai se-la gran contribución da política orzamentaria á estabilidade macroeconómica que posibilita seguir desenvolvendo o verdadeiro potencial de crecemento e de xeración de emprego da economía española e con iso avanzar no proceso de converxencia real cos países máis desenvolvidos.

É máis, desde o 1 de xaneiro de 1999 o noso marco de referencia pasou a se-la Unión Económica e Monetaria, na que o deseño e execución da política monetaria única recaen no Banco Central Europeo, que como institución independente de acordo co Tratado da Unión Europea ten como obxectivo a estabilidade de prezos.

Por iso, a nosa integración económica e monetaria na zona euro aumenta necesariamente a responsabilidade que han de asumir os outros compoñentes nacionais da política económica, fundamentalmente a política orzamentaria e as políticas estruturais, para asegurala compatibilidade do equilibrio macroeconómico coa política monetaria única.

De aí que no artigo 4.3 do Tratado da Comunidade Europea se conteña expresamente unha referencia ó respecto ós principios de «prezos estables, finanzas públicas e condicións monetarias sólidas» como principios retores das accións dos estados membros para acadalos fins enunciados no propio tratado e, en particular, o de conseguir un crecemento sostible e non inflacionista e un alto nivel de emprego.

Neste sentido, o Pacto de Estabilidade e Crecemento, acordado no Consello de Amsterdam en xuño de 1997, limita a utilización do déficit público como instrumento de política económica da Unión Económica e Monetaria. En virtude do referido pacto, os estados membros da Unión comprométese a perseguir-lo obxectivo a medio prazo de situacións orzamentarias próximas ó equilibrio ou en superávit, de xeito que, cando os estabilizadores automáticos actúen, o déficit se manteña sempre por debaixo do 3 por 100. Os estados tamén se comprometen a presentar anualmente programas de estabilidade ou converxencia que recollan as medidas necesarias para alcanzar ese obxectivo.

Máis ambiciosas son incluso as recomendacións do Consello Europeo de Santa María de Feira en xuño de 2000, relativas ás orientacións xerais de política económica, que instan os estados membros a continuaren o saneamento das contas públicas alén do nivel mínimo para cumprilos requisitos do Pacto de Estabilidade e Crecemento e deste xeito xerar unha marxe de manobra adicional para a estabilización cíclica, para protexerse dunha evolución orzamentaria imprevista, acelerar a redución da débeda e prepararse para os desafíos orzamentarios do envellecemento da poboación. Baséanse na estratexia definida no Consello Europeo de Lisboa e contribúen a logralos retos de restablece-lo pleno emprego, promove-la transición cara a unha economía baseada no coñecemento e mellora-la cohesión social.

II

Agora ben, o proceso descrito sería inútil, nun país fortemente descentralizado como España, se o esforzo do Estado non fose simultaneamente realizado polo conxunto das administracións públicas, pois, no caso contrario, a presión sobre os mercados financeiros viría exercida por estas cos consabidos efectos negativos sobre os tipos de xuro, a inflación e, en última instancia, o emprego.

Así, en virtude do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución, o marco da estabilidade orzamentaria que a presente lei regula ten carácter básico, resultando en consecuencia aplicable a tódalas administracións públicas nas súas distintas personificacións, co obxecto de que a actuación orzamentaria coordinada de todas elas, posta ó servizo da política económica do Goberno, permita conseguirla imprescindible estabilidade económica interna e externa, como base para o mantemento do escenario económico actual, dobremente caracterizado por un elevado crecemento e unha elevada taxa de creación de emprego.

Adicionalmente, e como fundamento constitucional da competencia do Estado para a aprobación desta lei, hai que referirse ó disposto no artigo 149.1.11.^a da Constitución, en tanto en canto un dos seus obxectivos é garanti-la futura permanencia de España como un dos países que teñen no euro a súa moeda nacional, e no artigo 149.1.14.^a, por canto esta lei constitúe un instrumento ó servizo da coordinación entre a Facenda pública do Estado e as das comunidades autónomas.

Partindo do anterior, na elaboración desta lei debeu terse en conta o distinto instrumento necesario para, en primeiro lugar, asegura-lo cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no sector público estatal e nas entidades locais e, en segundo lugar, establece-los mecanismos que garantan a cooperación efectiva entre o Estado e as comunidades autónomas para logralos fins previstos nesta lei.

Así, mentres as normas referidas ó Estado e ás entidades locais podían te-lo carácter de lei ordinaria, aquelas en que se contén o novo sistema de cooperación financeira entre o Estado e as comunidades autónomas ó servizo do obxectivo de estabilidade, debían revestir carácter de lei orgánica.

Posto que a nova normativa había de conter, en atención ó exposto, normas orgánicas e ordinarias, optouse por elaborar dous proxectos de lei distintos, aínda que complementarios, en materia de estabilidade orzamentaria que, unha vez convertidos en cadansúa lei, deberán ser interpretados e aplicados en forma conxunta.

Por iso, en coherencia co disposto na lei orgánica, para o caso de Navarra, dadas as súas especificidades financeiras, a aplicación desta lei levarase a cabo de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de

Navarra, mediante unha disposición de rango legal. De igual modo, arbítrase para o País Vasco un procedemento adecuado ó réxime foral que lle é propio.

O proceso normativo de reformulación dos principios e procedementos de política orzamentaria que se abre con esta lei deberá culminar, necesariamente, coa remisión ás Cortes Xerais dun proxecto de lei xeral orzamentaria que regule de xeito integrado o ciclo orzamentario.

III

O título I desta lei contén unha definición dos ámbitos obxectivo e subxectivo de aplicación da lei, así como os principios xerais que deberán rexer-la actuación de tódalas administracións públicas en materia de política orzamentaria para a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Definido o obxecto da lei no artigo 1, o artigo 2 precisa o alcance do sector público para os efectos desta norma, abrangendo no seu ámbito subxectivo o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, calquera que sexa o estatuto xurídico da organización administrativa, e atendendo ó espazo de autonomía competencial que teñen as administracións territoriais para a configuración dos seus entes instrumentais, así como ó conxunto de personificacións xurídicas, públicas e privadas, dependentes de todas elas.

Os principios xerais recollidos nesta lei son: o principio de estabilidade orzamentaria, definido como equilibrio ou superávit orzamentario, o principio de plurianualidade, o principio de transparencia e o principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

IV

O título II desta lei inclúe as disposicións imprescindibles para a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria definido no título anterior.

Distínguese un primeiro conxunto de disposicións de carácter básico e aplicación común a tódalas administracións públicas, un segundo exclusivamente aplicable ó sector público estatal e un capítulo III relativo ás entidades locais.

As disposicións comúns establecen as directrices básicas da política orzamentaria ó servizo do obxectivo de estabilidade, respectando o ámbito de autonomía financeira que o artigo 156 da Constitución reserva ás comunidades autónomas e que lles permitirá facer efectivo ese obxectivo de conformidade coa súa normativa propia e a través dos procedementos que, en cada caso, consideren adecuados.

A materialización efectiva do principio de estabilidade orzamentaria esixe, de acordo con estas disposicións comúns, a adopción de medidas de corrección de situacións excepcionais de desequilibrio e un sistema homoxéneo de remisión de información e medición.

No sucesivo, a primeira fase do proceso de elaboración orzamentaria de tódalas administracións públicas arrincará no primeiro cuatrimestre de cada exercicio coa fixación polo Goberno do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ós tres exercicios seguintes. O Acordo do Goberno, acompañado do cadro macroeconómico de horizonte plurianual contido no Programa de Estabilidade, deberá ser sometido ás Cortes Xerais para o seu debate e, se procede, aprobación.

V

Polo que respecta ó sector público estatal e partindo do obxectivo de estabilidade orzamentaria xa aprobado polas Cortes Xerais, esta lei introduce tres novidades

que provocarán unha modificación radical nos procedementos orzamentarios do Estado.

As tres achegas que contén a lei nesta materia son a fixación dun límite máximo anual de gasto coherente cos escenarios orzamentarios plurianuais previamente elaborados, nos que, en todo caso, se integrarán os compromisos de gasto contidos en cada política orzamentaria.

En segundo lugar, constitúe unha condición inescusable para a eficacia do novo procedemento de elaboración e xestión orzamentaria do Estado o establecemento dun «fondo de continxencia de execución orzamentaria» co que se atenderán necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado que poidan presentarse ó longo do exercicio.

Esta medida constitúe un importante instrumento ó servizo da disciplina da política fiscal que evita a tendencia expansiva do gasto a través da aprobación de modificacións de crédito.

O terceiro e último elemento innovador consiste na determinación das consecuencias derivadas das situacións de déficit ou superávit orzamentario. Así, no suposto de déficit orzamentario, impónselle ó Goberno a obriga de remitir ás Cortes Xerais un plan de corrección da situación de desequilibrio. En caso contrario de superávit orzamentario, o saldo da Administración xeral do Estado destinarase á redución do endebedamento neto deste e o da Seguridade Social aplicarase prioritariamente ó Fondo de Reserva da Seguridade Social coa finalidade de atender as necesidades futuras do sistema.

Finalmente, establécese a obriga de que os entes de dereito público a que se refire o artigo 2.2 da lei que incorran en perdas que dificulten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria elaboren un informe de xestión sobre as causas de desequilibrio e, se é o caso, un plan de saneamento.

VI

En canto ás entidades locais, a lei establece que deberán adecuar os seus orzamentos ó obxectivo de estabilidade orzamentaria que lles sexa fixado polo Goberno para cada exercicio, sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas as comunidades autónomas.

Co obxecto de logra-los obxectivos perseguidos por esta lei, a Comisión Nacional de Administración Local, órgano permanente de colaboración entre a Administración do Estado e a Administración local conforme os artigos 117 e 118 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, informará sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria que foran establecidos polo Ministerio de Facenda. Neste sentido, esta lei foi sometida á consideración da Comisión Nacional de Administración Local.

O control do cumprimento do obxectivo e o seguimento do plan económico-financieiro para a corrección do desequilibrio que, se é o caso, teñan que presentar as entidades locais que incumpran as condicións de estabilidade establecidas, corresponderalle ó Ministerio de Facenda, sen prexuízo, como se dixo, das competencias que nesta materia teñan recoñecidas as comunidades autónomas.

Adicionalmente, a autorización do Estado ás entidades locais para realizaren operacións de crédito e emisións de débeda terá en conta os obxectivos de estabilidade orzamentaria fixados en cada caso. Para tal fin, e conforme a disposición adicional segunda, procédese á modificación do artigo 54 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, co obxecto de integrar no texto da norma o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria como elemento para

ter en conta para a autorización das operacións de crédito ou emisións de débeda que pretendan formalizalas entidades locais.

Ó igual que no sector público estatal, os entes de dereito público do artigo 2.2 desta lei dependentes das entidades locais que incorran en perdas que afecten ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria elaborarán un informe de xestión e un plan de saneamento.

TÍTULO I

Ámbito de aplicación da lei e principios xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito de aplicación obxectivo.*

Constitúe o obxecto desta lei o establecemento dos principios rectores ós que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público para a consecución da estabilidade e crecemento económicos, no marco da Unión Económica e Monetaria, así como a determinación dos procedementos necesarios para a aplicación efectiva do principio de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento, e en virtude da competencia do Estado respecto das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. Para os efectos desta lei, o sector público considérase integrado polos seguintes grupos de axentes:

a) A Administración xeral do Estado, os organismos autónomos e os demais entes públicos dependentes daquela, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais, así como os órganos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais do Estado.

b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

c) A administración das comunidades autónomas, así como os entes e organismos públicos dependentes daquela, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

d) As entidades locais, os organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquela, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

2. O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes da Administración do Estado, das administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no número anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ó disposto no título I desta lei e ás normas que especificamente se refiran a elas.

CAPÍTULO II

Principios xerais

Artigo 3. *Principio de estabilidade orzamentaria.*

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos suxeitos comprendidos no artigo 2

desta lei realizárase nun marco de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

2. En relación cos suxeitos ós que se refire o artigo 2.1 desta lei, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e nas condicións establecidas para cada unha das administracións públicas.

3. En relación cos suxeitos ós que se refire o artigo 2.2 desta lei, entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro á que, se é o caso, se accederá a través da adopción de estratexias de saneamento que eviten ou diminúan as perdas e poidan achegar beneficios adecuados ó seu obxecto social ou institucional.

Artigo 4. *Principio de plurianualidade.*

A elaboración dos orzamentos no sector público enmarcarase nun escenario plurianual compatible co principio de anualidade polo que se rexe a aprobación e execución orzamentaria.

Artigo 5. *Principio de transparencia.*

Os orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei e as súas liquidacións deberán conter información suficiente e adecuada para permitirla verificación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Artigo 6. *Principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.*

1. As políticas de gastos públicos deben establecerse tendo en conta a situación económica e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e executaranse mediante unha xestión dos recursos públicos orientada pola eficacia, a eficiencia e a calidade.

2. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación dos suxeitos a que se refire o artigo 2 desta lei que afecte ós gastos públicos, deben valorarlas súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ó cumprimento das esixencias de estabilidade orzamentaria.

TÍTULO II

Equilibrio orzamentario do sector público

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 7. *Cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.*

1. Os suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei virán obrigados a establecer nas súas normas reguladoras en materia orzamentaria os instrumentos e procedementos necesarios para adecualas ó obxectivo de cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

2. Correspóndelle ó Goberno da Nación, sen prexuízo das competencias do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, velar polo cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria en todo o ámbito do sector público.

3. As situacións excepcionais de déficit orzamentario deberán ser xustificadas mediante a exposición das causas que as ocasionan e a identificación dos ingresos e os gastos que as producen, e requirirán a formulación dun plan económico-financieiro de saneamento a medio prazo para a súa corrección, co contido e alcance previstos nesta lei e na Lei orgánica 5/2001, complementaria desta.

Artigo 8. *Establecemento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. No primeiro cuadrimestre de cada ano, o Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e de Facenda, e logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas en canto ó ámbito destas, fixará o obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ós tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto do sector público, como para cada un dos grupos de axentes comprendidos no artigo 2.1 desta lei.

2. O acordo do Goberno no que se conteña o obxectivo de estabilidade orzamentaria remitiráselles ás Cortes Xerais acompañado do cadro macroeconómico de horizonte plurianual contido no Programa de Estabilidade e Crecemento, no que se situará a elaboración dos orzamentos de tódolos suxeitos que integran o sector público estatal. En forma sucesiva, e tralo correspondente debate en Pleno, o Congreso dos Deputados e o Senado pronunciaranse aprobando ou rexeitando o obxectivo de estabilidade proposto polo Goberno.

No suposto de o obxectivo de estabilidade ser aprobado polo Congreso dos Deputados e polo Senado, a elaboración do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado deberá de acomodarse a ese obxectivo. De, pola contra, ser rexeitado, o Goberno, no prazo máximo dun mes, remitiralle un novo acordo que se someterá ó mesmo procedemento.

3. O informe do Consello de Política Fiscal e Financeira ó que se refire o epígrafe 1 do presente artigo, así como os acordos deste que se dicten para a aplicación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, serán remitidos pola Secretaría Permanente do dito Consello á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, para o seu coñecemento.

Artigo 9. *Informes sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. Con anterioridade ó 1 de setembro de cada ano, a Intervención Xeral da Administración do Estado elevará ó Goberno, a través do ministro de Facenda, un informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do exercicio inmediato anterior. O dito informe seralle remitido ó Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.

2. O ministro de Facenda informará o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria polas comunidades autónomas no exercicio inmediato anterior.

Artigo 10. *Medición do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

A medición do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 2.1 desta lei será realizada de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Artigo 11. *Responsabilidade financeira derivada do incumprimento dos compromisos adquiridos por España ante a Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.*

Os suxeitos enumerados no artigo 2 desta lei que, incumprindo as obrigas nela contidas ou os acordos que na súa execución fosen adoptados polo Ministerio de Facenda ou polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, provoquen ou contribúan a produci-lo incumprimento das obrigas asumidas por España fronte á Unión Europea como consecuencia do Pacto de Estabilidade e Crecemento, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento se derivasen.

No proceso de asunción de responsabilidade financeira a que se refire o parágrafo anterior garantirase, en todo caso, a audiencia da Administración ou entidade afectada.

CAPÍTULO II

Equilibrio orzamentario do sector público estatal

SECCIÓN 1.^a ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO

Artigo 12. *Escenario orzamentario plurianual.*

1. Con carácter previo ó proceso de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, o Ministerio de Facenda confeccionará uns escenarios de previsión plurianual referidos a ingresos e gastos. Os ditos escenarios detallarán para cada ano os importes dos compromisos de gasto contidos en cada política orzamentaria.

2. Os proxectos de lei, as disposicións regulamentarias, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación ós suxeitos a que se refire o artigo 2.1. a) e b) desta lei que teñan incidencias orzamentarias por comportaren variacións nos gastos públicos deberán respecta-lo contorno financeiro plurianual previsto no parágrafo anterior e, en consecuencia, para a súa aprobación deberán ter cabida nos ditos escenarios orzamentarios plurianuais.

Artigo 13. *Límite máximo anual de gasto.*

O acordo que establece o artigo 8 fixará o importe que, no proceso de asignación orzamentaria que ha de culminar coa aprobación dos orzamentos xerais do Estado do exercicio seguinte, constituirá o límite máximo de gasto non financeiro do orzamento do Estado.

Artigo 14. *Corrección da situación de desequilibrio orzamentario.*

1. Cando de maneira excepcional se presenten os orzamentos dos suxeitos comprendidos nas letras a) e b) do artigo 2.1 desta lei en posición de déficit, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un plan económico-financieiro de corrección do desequilibrio, que conterà a definición das políticas de ingresos e gastos que sexa preciso aplicar para corrixi-la situación nos tres exercicios orzamentarios seguintes.

2. Cando concorran condicións económicas ou administrativas non previstas no momento da aprobación do plan económico-financieiro, o Goberno poderá remitir ás Cortes Xerais un plan rectificativo do plan inicial.

3. O plan económico-financieiro de corrección do desequilibrio e, se é o caso, o plan rectificativo do plan inicial a que se refiren os epígrafes anteriores deste artigo tramitaranse de acordo co disposto no artigo 8.2 desta lei.

SECCIÓN 2.^a XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 15. *Fondo de continxencia de execución orzamentaria.*

1. Dentro do límite de gasto fixado anualmente para o Estado, incluírase unha sección orzamentaria baixo a rúbrica «fondo de continxencia de execución orzamentaria» por importe do 2 por 100 do citado límite.

2. Este fondo destinarase, cando proceda, a atender necesidades, de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ó longo do exercicio.

3. A aplicación da dotación incluída anualmente no «fondo de continxencia de execución orzamentaria» requirirá a aprobación do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda.

4. O Goberno, a través do ministro de Facenda, remitiralle ás comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado, e para o seu coñecemento, un informe trimestral sobre a aplicación do «fondo de continxencia de execución orzamentaria» do trimestre inmediatamente anterior.

5. O remanente de crédito ó remate de cada exercicio anual no «fondo de continxencia de execución orzamentaria» non poderá ser obxecto de incorporación a exercicios posteriores.

Artigo 16. *Modificacións de crédito.*

Os créditos extraordinarios, suplementos de crédito, ampliacións e incorporacións de crédito, nos termos previstos no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e noutras disposicións legais, financiaranse mediante o recurso ó «fondo de continxencia de execución orzamentaria» ou mediante baixas noutros créditos.

Artigo 17. *Saldo de liquidación orzamentaria.*

1. No suposto de que a liquidación orzamentaria dos suxeitos enumerados nas letras a) e b) do artigo 2.1 desta lei presente unha situación de déficit, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un plan económico-financieiro de corrección que se axustará ó disposto no artigo 14 desta lei.

2. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe nunha posición de superávit, este aplicarase do seguinte xeito:

a) Na Administración xeral do Estado reducirá o seu endebamento neto.

b) No sistema da Seguridade Social aplicarase prioritariamente ó Fondo de Reserva da Seguridade Social coa finalidade de atender-las necesidades futuras do sistema.

SECCIÓN 3.^a ENTES DE DEREITO PÚBLICO DO ARTIGO 2.2

Artigo 18. *Réxime aplicable ós entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 desta lei.*

Os entes de dereito público ós que se refire o artigo 2.2 desta lei, dependentes da Administración xeral do Estado, que incorran en perdas que afecten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, virán obrigados a elaborar un informe de xestión sobre as causas do desequilibrio e, se é o caso, un plan de saneamento a medio prazo, no que se indicarán as medidas correctoras de carácter económico-financieiro que han adopta-los seus órganos rectores. O contido, o prazo e o procedemento para a presentación do informe de xestión e do plan de saneamento serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO III

Equilibrio orzamentario das entidades locais**Artigo 19. *Cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.***

As entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos previstos no artigo 3.2 desta lei, e sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan atribuídas as comunidades autónomas.

Artigo 20. *Obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades locais.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, e para os efectos previstos no artigo 8 desta lei, o Goberno, por proposta do Ministerio de Facenda, fixará o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan atribuídas as comunidades autónomas.

2. O obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais requirirá informe previo da Comisión Nacional de Administración Local, que actuará como órgano de colaboración entre a Administración do Estado e as entidades locais respecto das materias comprendidas nesta lei.

Artigo 21. *Subministración de información.*

O Ministerio de Facenda, para os efectos da comprobación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, poderá solicitar das entidades locais a información que permita a medición do grao de realización do obxectivo que a cada unha corresponda alcanzar de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Artigo 22. *Corrección das situacións de desequilibrio.*

1. As entidades locais que non alcancen o obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 19 desta lei virán obrigadas a elaborar no prazo dos tres meses seguintes á aprobación ou liquidación do orzamento en situación de desequilibrio un plan económico-financiero a medio prazo para a corrección. Este plan será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

2. O plan económico-financiero para a corrección do desequilibrio seralle remitido ó Ministerio de Facenda, que será o órgano responsable do seguimento das actuacións encamiñadas á corrección do desequilibrio, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan atribuídas as comunidades autónomas.

Artigo 23. *Autorización de operacións de crédito e emisión de débeda.*

1. A autorización ás entidades locais para realizar operacións de crédito e emisións de débeda, en cumprimento do establecido no artigo 54 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando as medidas contidas no plan económico-financiero permitan a desaparición en tres exercicios orzamentarios da situación de desequilibrio poderá concederse a autorización a que se refire o epígrafe precedente.

Artigo 24. *Central de información.*

1. O Ministerio de Facenda manterá unha central de datos de carácter público que provexa a información sobre as operacións de crédito, a emisión de débeda ou calquera outra apelación de crédito ou asunción de riscos e as cargas financeiras delas derivadas, concertados pola Administración xeral das entidades locais e demais suxeitos dela dependentes, a que se fai referencia no artigo 2.1.d) e 2.2 desta lei.

2. Para estes efectos, os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como as distintas administracións públicas remitirán os datos necesarios, na forma que se determine regulamentariamente.

3. O Banco de España colaborará cos órganos competentes do Ministerio de Facenda mediante a subministración da información que reciba relacionada coas operacións de crédito das entidades locais.

4. Con independencia do anterior, os órganos competentes do Ministerio de Facenda poderán requirirille ó Banco de España a obtención doutros datos concretos relativos ó endebedamento das entidades locais nos termos que se fixen regulamentariamente.

Artigo 25. *Réxime aplicable ós entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 desta lei.*

Os entes de dereito público ós que se refire o artigo 2.2 desta lei, dependentes das entidades locais, que incorran en perdas que afecten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, virán obrigados a elaborar un informe de xestión, dirixido ó pleno da corporación, sobre as causas do desequilibrio e, se é o caso, un plan de saneamento a medio prazo, no que se indicarán as medidas correctoras de carácter económico-financiero que deberán adopta-los seus órganos rectores. O contido, o prazo e o procedemento para a presentación do informe de xestión e do plan de saneamento serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Disposición adicional única. *Modificación dos artigos 54 e 146 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Un. O epígrafe 7 do artigo 54 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, quedará redactado do seguinte xeito:

«7. Para o outorgamento da autorización das operacións a que se refiren os epígrafes anteriores o órgano autorizante terá en conta, con carácter preferente, o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria establecido na Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo, atenderase á situación económica da entidade, organismo autónomo ou sociedade mercantil local peticionarios, deducida alomenos das análises e da información contable á que se fai referencia no epígrafe 1 deste artigo, incluído o cálculo do remanente de tesourería, do estado de previsión de movementos e situación da débeda e, ademais, o prazo de amortización da operación, á futura rendibilidade económica do investimento que se vaia realizar e ás demais condicións de todo tipo que leve consigo o crédito que se vaia concertar ou modificar.»

Dous. O epígrafe 1 do artigo 146 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, quedará redactado nos seguintes termos:

«1. O orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos

na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:

a) Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.

b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos que se vaian liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificalo lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.»

Disposición transitoria única.

A determinación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no Estado e o sistema de Seguridade Social realizarase conxuntamente en tanto non se culmine o proceso de separación de fontes deste último.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Remisión ás Cortes Xerais do proxecto de lei xeral orzamentaria.*

O Goberno remitirá ás Cortes Xerais no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei un proxecto de lei xeral orzamentaria.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico da lei.*

1. Esta lei, aprobada ó abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución constitúe lexislación básica do Estado, agás o disposto no capítulo II do seu título II.

2. Así mesmo, esta lei apróbase ó abeiro das competencias que os artigos 149.1.11.^a e 149.1.14.^a da Constitución atribúen de xeito exclusivo ó Estado.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, aprobe a Administración xeral do Estado terán carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario respecto das normas que teñan atribuída tal natureza conforme a disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. Facúltase o Goberno da Nación, no ámbito das súas competencias, para que aprobe as normas regulamentarias previstas nesta lei. Así mesmo, o Goberno da Nación poderá dicta-las medidas necesarias para

garanti-la efectiva implantación dos principios establecidos nesta lei.

2. As normas de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, así como dos escenarios orzamentarios plurianuais aprobaranse por orde do Ministerio de Facenda.

Disposición derradeira quinta. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo conforme o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra mediante unha disposición de rango legal.

2. Sen prexuízo do establecido nesta lei e das competencias do Consello de Política Fiscal e Financeira en relación co obxectivo de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas, regulado no artigo 6.3 da Lei orgánica complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria, establecerase un procedemento que resulte adecuado á natureza específica do réxime foral do propio País Vasco.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor da lei.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002 e será aplicable ós orzamentos que deban elaborarse a partir desa data.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23632 LEI ORGÁNICA 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 299, do 14-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, ten por obxecto establece-los principios rectores ós que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público para a consecución da estabilidade e crecemento económicos, no marco da Unión Económica e Monetaria, así como a determinación dos procedementos necesarios para a aplicación efectiva do principio de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento, e en virtude da competencia do Estado respecto das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Como se di na exposición de motivos da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, nun país tan descentralizado coma España a fixación dun obxectivo de estabilidade orzamentaria de alcance limitado ó sector